



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Na data de hoxe, 22 de xuño de 2018, rematou o prazo de presentación de solicitudes para participar no segundo proceso de selección dunha persoa socorrista para o Servizo de Salvamento en Praias 2018

Examinadas as solicitudes de participación presentadas en prazo, resulta que so unha das persoas candidatas presentadas, cumpriría as condicións para poder ser admitida ao proceso selectivo.

Sen embargo, unha única persoa candidata non é suficiente para poder garantir a cobertura do servizo, xa que o Concello de Moaña precisa confeccionar unha listaxe de agarda que se será utilizada para solucionar calquera eventualidade que poida xurdir no servizo.

En vista do anterior faise necesario ampliar o prazo de presentación de solicitudes do proceso de selección dunha persoa socorrista para o Servizo de Salvamento en Praias 2018

Polo anterior **RESOLVO:**

Modificar o primeiro parágrafo da base terceira e a totalidade da base sétima das “Bases de selección dunha persoa socorrista para o Servizo de Salvamento en Praias 2018”, que quedarían como segue:

TERCEIRA: SOLICITUDES

As solicitudes para tomar parte nesta convocatoria, nas que as persoas aspirantes manifestarán que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos, dirixiranse á Alcaldesa da Corporación e presentaranse no rexistro xeral deste concello, dende o día da publicación da presente resolución ata o día 5 de xullo de 2018.

SETIMA: PRAZOS.

Prazo xeral de presentación de solicitudes: Dende a publicación das bases ata o día 5 de xullo.

A listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas e a valoración provisional de méritos, así como as restantes datas do proceso selectivo, serán publicadas unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes.

O restante contido das “Bases de selección dunha persoa socorrista para o Servizo de Salvamento en Praias 2018”, mantense na súa totalidade.

Moaña, 22 de xuño de 2018.

A alcaldesa

Diante de min
o secretario

Leticia Santos Paz.

Adamantino Barreiro García.